



Coordinación: A.R. López e Soedade Nola.  
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: [mare@galicia-hoxe.com](mailto:mare@galicia-hoxe.com)



NA CINTURA DOS LAGARTOS  
NACE UN PIANO. Lupe Gómez



Dela dixo Uxío Novoneyra: “A poucos vin coma a Lupe, no seu calado estar trasladándonos toda a intensidade interior coa mesma forza que a traslada á palabra. Esa cousa, ás veces abrupta, que o seu verso nos trasmite de golpe. Seu, seu, seu, súa. Un poeta do que semella podería abondarnos o seu silencio, sen recurrir a ese exceso empuñado da súa palabra rexida por un profundo mandato. Así somos da Terra e así decimos ou calamos”. É Lupe Gómez (Fisteus, 1972) unha voz que rompe a dinámica da poesía do seu momento. Poética abrupta e esencial na que xénero e identidade é fundamental, mesmo dende unha visión politicamente incorrecta. E escribe: “a muller é un cristal atravesado por unha patria” nunha sorte de fusión entre muller e nación. Abre Lupe Gómez un camiño de expresión no que se arrouban as poetas novas que na súa voz viron unha estela posible onde a oralidade é corazón ata o punto que os seus poemas toman auténtico corpo, forza e poder ao seren lidos. Poética minimalista, sen grandes metáforas, sen finximento, limpa, na que a natureza ordena un cosmos pegado á aldea, ao orgullo da aldea, lonxe de cantos idílicos e sen militancias aldeanas. Achega Lupe Gómez para RDL o relato ‘Na cintura dos lagartos. Nace un piano’ que a propia autora presenta como “un intento, fallido, de escri-

# A estranxeza dos violíns

bir un ensaio”. Fallido porque a autora de poemarios como ‘Pornografía’ (1995), ‘Os teus dedos na miña braga con regra’ (1999) ou ‘Poesía Fea’ (2000) non cre nos xéneros – “a noción de xénero funciona como un límite que tento desbotar de min”, mantén- por iso cando fai poesía “hai xente –advirte– que ten dito que é outra cousa, que non é poesía”. “Gústame ser libre, mesturar e bailar” apontoa esta xornalista e crítica teatral quen está a piques de publicar dous novos poemarios e que fixo abrollar neste relato “unha prosa escura”: “hai surrealismo, simbolismo, imaxes” comenta quen se ve adscrita “ao lado de poetas como Estevo Creus ou Olga Novo. Coas baleas e coas vacas. Libre e feliz como muller. Sentíndome perdida e inconsciente como Estevo. Muller aberta en canal como Olga”. Claro que a poeta non cre no concepto de xeración literaria: “é estúpido, todo é un ritmo continuo” asenta quen bota de menos o “vitalismo e a explosión dos recitais”. Lupe Gómez recoñécese en evolución, como a vida. “.... e nótase moito en ‘O Útero dos Cabalos’ –unha das súas próximas entregas xunto con ‘Levantar as tetas’ – cunha escrita más serena, menos ferida, más ancha, más chea de palabras, vida, optimismo, simbolismo, imaxes”.

**“Reflexiono sobre a morte, o amor, Galiza, as mulleres, a infancia e o mar. Os temas que me preocupan”.** “O que me gusta e o que non de Galiza”. “Son muller, escribo como muller, rebélome como muller, ante o mundo e ante as palabras”. “A infancia, o lugar onde me busco e onde más me encontro”. “Preocúpame a morte, gustaríame que se falase más dela”. “O mar, o lugar da inspiración e da liberdade”. “O amor, porque sempre estou namorada”. “Escribo para expandirme, voar. É necesario para mim, como respirar”. “Impórtame más a vida que a literatura ou a técnica literaria. Busco a pulsión, o sangue, a emoción”. “Tento buscar no irracional as verdades da vida. Mergullo no inconsciente, é unha forma de evadirme e encontrarme”.

## [ A morte e os paxaros ]

Cando morremos, renacemos sempre. Ás veces, cústanos falar da morte. Cústanos prepararnos para a morte. Eu aceptei a morte de meu pai dunha forma moi viva. Sempre estámos nun círculo, nunha espiral. Voando. Coas tetas levantadas. Sempre se produce un silencio cando se fala da morte. Un silencio que me incomoda. Encántame falar de meu pai, que morreu e que vive sempre.

A relixión cristiá corrompe todo, ata as mentes, produce medo. Eu quero bailar. Eu síntome oriental, zen. Buscándome a miña mesma. Buscando a miña propia morte. O abismo que me reconcilia co mundo, coa natureza e comigo mesma. Sempre me parece que a memoria de meu pai é moi grande e que está bailando na herba. Sempre me alimento de morte, como se eu fosse un elefante.

Prepárome para a morte dos meus seres queridos. E sinto moi presente en mim, en todo momento, a miña propia morte. Querer negar iso é querer negar a vida. A sociedade de hoxe en día continuamente se asenta no principio da tolemaia. Queremos ser psicópatas, reconducirnos no frío. Negar a evidencia. Negar a morte. Negar a vida.

Cando amamos é cando máis amamos a vida. É tamén cando nos decatamos do noso sentimento mortal. Sentimos que despois do amor non queda nada. E visitamos os cemiterios coas nosas caras namoradas. E o sol bate nas fiestras dos nosos corazóns.

A morte, non como límite, senón como algo que nos empuxa a vivir. Non como un final que fai que todo sexa inútil. Senón como unha maneira de tecer frases no silencio. Frases, palabras, vida. Sen sentir medo. Senón todo o contrario, abrazando as vacas e o erotismo. Porque cando morremos as placentas dos nosos nomes escapan polo río. E o río segue sendo sempre precioso, esteamos vivos ou mortos. E a morte, en certo modo, non existe. Os paxaros negan a morte. En certo modo, a morte é sentarse un pouco, descansar. A morte é o bico dunha balea. A morte non é nada. Non nos mata, non nos avisa. A morte é unha forma de reconducir todo ata un lugar de silencio, un lugar que é Galiza.

## [ Compartir os amorodos ]

O amor é felicidade, misterio, abismo. Amar e ser amados resulta magnífico, sublime. Aínda sabendo que todo é moi absurdo, e que o único importante é bailar. O amor lévanos polos mapas, facendo música nas nossas casas. O amor é unha patoloxía escura que nos abraza. O amor é un sentimento que sae do más profundo da terra. Gústame amar a Galiza. Hai pouco tempo un home pediúme en matrimonio e estiven a piques de casar. Foi divertido. Aínda que todo sexa un soño, unha ilusión. A vida é un soño fragmentado, unha ilusión es-corregadiza. Parece que o amor se nos escapa nas mans, que se nos escapa a vida. Que morremos, saltando no paracaídas.

Decidín non casar. É mellor ser intensa que casar. Cabalgar no frío. Romper as normas. Amar. Amar, como se me estivese medrando o pelo. Renacer nas flores e na infancia. Amar os meus vestidos, que están moi lonxe. Subir polas escaleiras da miña casa, con ganas de amar, con ganas de correr.

Tamén sentir serenidade, abrazar a vida, con lentitude, con parsimonia, como vacas. Que os homes non maten as mulleres, por amor. Mátase por amor, por egoísmo. Porque na sociedade córrese moito, e vívese pouco. Ningún le poemas. Todos abrazan as frías televisións, e as películas de Estados Unidos. Todo é correr, correr, sen sentirnos mortos nin vivos. Resulta moi duro que se mate por amor.

O amor fainos máis altos, máis libres. Desaparecemos, na escola. Facémonos invisibles na vida. Porque estamos pensando noutras cousas, no amor que sentimos, que nos embriaga, que nos fai felices. Xa non nos importa morrer, nin estar no paro. Brillánnos os ollos, e aprendemos a compartir a mirada, que é como compartir os amorodos que tanto nos gusta comer. Sentir que amamos por vez primeira e que botamos a correr.

Eu non creo nos príncipes, pero creo profundamente no amor. Nas bandeiras. No erotismo, que me enlaza cos campos. Creo na vida, na cerámica. Creo que coas nosas mans podemos facer ríos internos. Triángulos. Formas distintas de mirar todo. As posturas da morte. As posturas do sexo. Os paxaros. A fina liña escura que temos nos ollos. Ese país que nos fecha en nós e que nos abre ao mundo.

## [ O gozo de bicarse ]

Galiza é ese país diminuto que debería ser grande. Moléstame que na Galiza todo sexa pedir e máis pedir. Que non sintarmos o goce pleno de bicarse. Que as montañas estean moi lonxe. Que haxa demasiadas fronteiras. Demasiados prexuízos. Demasiadas miradas planas.

Sinto amor-odio pola miña patria. Hai moitas cousas aquí que non me gustan. Quizais por eso non me vou de aquí, para rebelarme. Para rebentar na escola e romper os folios. Galiza é o lugar da morte, o lugar do silencio. É tamén o bosque inmenso que me embriaga. A nación ferida dos meus soños.

Sentirme galega é un acto de amor e morte. Comer amorodos na primavera, cando os cemiterios aínda están solitarios. Cando a morte aínda non se converteu nun círculo de vida. Cando os galegos parecemos vacas que non teñen alimento. Moléstame profundamente sentirme emigrante na miña terra. A censura que provoco co meu riso e cos meus poemas.

Moléstánme os complexos de moitos galegos, mesmo de moitos galegos progres de esquerdas. A veces os que máis falan son os que menos din. Moléstame que todo sexa unha infinita queixa. Eu quero un optimismo que nos instale no mundo, que nos faga capaces de ser nós mesmos, unha patria liberada.

Asumo a miña identidade galega, e sufro, e recompoño a cara e o pelo. Continuamente bailo. Co meu idioma, que é quizás o que máis me gusta de Galiza. Porque é difícil e barato. Porque co idioma podo erguer a mirada e o estómago de miña nai. Porque o idioma galego é propicio para que eu sangre. Porque os vestidos que levo están cheos de música, árbores e ondas do mar. Para mim Galiza é un lugar ocul-to que ensalta a morte.

Gustaríame que Galiza fose un pantano. Senter enchufe, atopar traballo. Eu soño con unha Galiza do entusiasmo, onde a xente ande encoro. Eu non quero un pobo vencido nin anestesiado. Os paxaros queren voar. Continuamente fago preguntas, e non me responden. Continuamente roubo palabras, e a veces parece que é ilícito. Dinme que non soñe, que me instale. Eu continuamente dou patadas.

Sinto en min unha mestura de estrañeza e de desilusión. Galiza parece un campo de golf. Gústamme as flores das xestas e as flores dos tocos.

## [ Non temos corazón ]

Para min a perfecta metáfora das mulleres é o vento. Ser muller é levar dentro un gato encerrado que pelexa por saír ao exterior e ter un territorio. Sempre andamos divididas, rotas, como campos de natación. Sempre temos que explicar que non temos corazón. É difícil ser muller nesta Galiza de eucaliptos que non saben enfrentarse ao amor nin á morte.

A nosa parte emocional, o noso útero cerrado, as nosas pálpebras mutiladas. Os ríos interiores e históricos que nos ameazan. Os homes a mollar en nós. As nosas naís, que nos fan a cambadela. Os nosos fillos, que non poden abortar. Porque nos nosos corpos somos estranxeiras, e non temos patria nin ondas do mar.

Ante todo somos espellos. Espellos para mirar e ver beleza. Non está permitido estar gordas nin ser feas. Temos que aprender a alegación nos sexistas anuncios da televisión. Aprender a ser correctas. Fumar cigarros con paixón. Aceitar que nos violen. Temos que romper as pernas. Non podemos permitirnos o luxo do amor.

Cando nos aman, sentimos estrañeza. Estamos acostumadas a que nosas naís nos digan como temos que poñer as pernas ao sentarnos, e o longo das saias que temos que levar. Non podemos ensinar, por encima do pantalón, as bragas. Eu cánsome, e no interior do tren vou por unha estación baleira, e collo o avión e márchome.

A miña condición de emigrante é en certo modo o que me salva. Sentirmee estrafalaria, libre. Romper os folios na escola. Ser muller é empezar e acabar no mesmo sitio. Non pode haber bifurcacións. Non podemos levantar as tetas. Non pode haber amor.

Cando nos educan fan en nós barcos que non poden, que non saben, navegar. Na noite ensaiamos o sexo, a cerámica. E non temos medo a pecar. Nin dor de barriga. Sentimos no

cerebro unha exaltación. Sacamos as saias, e corremos polas escaleiras das nosas casas, para amar.

## [ Un río de herba ]

Volvemos sempre aos ríos da infancia. A nosa infancia define a cor dos nosos ollos. Como se fosemos incendio. A infancia é o tempo das nosas vidas que se repite sempre, a medida imos medrando e vivindo e morrendo. Cando nos namoramos somos nenos que escapamos da escola. E os cemiterios amanecen solaneiros.

Cando nos namoramos, os nenos que un dia fomos volven a existir, volven a ser, e eso é o que nos leva cara á morte. Podemos morrer nun accidente de coche. Os nenos son naturalidade, rebeldía, violencia. Os nenos son a parte salvaxe e animal que despois case todos perdemos. Educar supón castrar, romper. Eu non quero que me eduquen, xa teño máis de 30 anos.

Pero cando me educaban sentía unha violencia extrema. Unhas ganas de berrar enormes, baixo a miña cara obediente de nena-monxa. Doíame que me negasen, que me pervertisen. Eu quería ser violenta. Cos meus impulsos, coas miñas ganas de bailar na herba.

A infancia é un río de herba. Un campo enorme de millo que se me atragoa na gorxa. Unha lectura santa e apostólica na igrexa, coa miña cara de devoción infinita. Eu quería ser oriental, zen, dende nena. Por eso daba tantas voltas ao redor do espello. Un espello no que eu non me vía, non me miraba. Como muller que era, debía ser estranxeira. O meu corpo non era meu, era dos homes, era da Igrexa.

A infancia é o tempo máis bonito das nosas vidas. O lugar dos traumas. Hai demasiada represión e censura na xente. Os nenos teñen que berrar, teñen que correr, teñen que chorar. É moi bonita, e moi necesaria, a liberdade. Os soños escuros da nación. A nación galega non morre porque áinda vive na infancia. Somos, constantemente, unha casa de vento e auga.

Somos mulleres que, na negación, reafir-



man o seu baile. E na cintura dos lagartos nace un piano, unha canción. A vida é un río de frases. Textos que se reescriben no inverno, e que no verán escapan polos ollos. Creo no optimismo das bailarinas, e na violencia azul dos elefantes. Sempre amo, e sangro, cando chega a noite.

## [ Correr na moto ]

É difícil conseguir a liberdade. Quizais nunca se consegue totalmente. Quizais sempre estamos bailando buscándoa. Cazando moscas. Cos nosos vestidos rotos. Coas nosas mans baleiras. No interior do mar hai moitas verdades e necesitamos dícelas. Dóeme a boca cando non podo falar, cando me ameazan.

Para mim a liberdade é o obxectivo humano máis grande. A razón de vivir, comendo amordados. Sen liberdade non corremos na moto. Non sangramos. O amor, e tamén a poesía, lévannos á liberdade. E amencemos libres na aldea. Coa cabeza chea de paxaros.

É Galiza un país libre? Ou é un calendario? Estamos tristes mirando todo. Galiza é un sitio de liberdade e mapas. Dóeme os mapas. Dóeme a cintura dos lagartos. Tento que nazan pianos. Tento atravesar o día cos vestidos inflamados da poesía. Nunha repetición constante, que me avergoña e me enlaza coa miña infancia. Eu era aquela nena zen que bailaba.

A autobiografía do vento é o meu puñal expulsado. Expulsáronme dos campos, e volvime violenta. Agora sinto ilusión, ánimo. A cidade de Compostela envólveme con cariño, con liberdade. Dunha forma suave, magnífica e libertaria.

Eu escribo libros, os cabalos avanzan. Polas noites bebo cervexa e físpome nos bares. O círculo transparente da liberdade é un campo liso no que podemos correr. E aparece o amor, como nun teatro, sentindo orgullo dos nosos corpos e das nosas tetas.

Sempre sentirei nostalgia do deserto e dos dromedarios. Porque eu vivo nunha selva, cos elefantes. E non quero vivir na Galiza, quero ir-me, quero vivir en África. Quero sentir que alcanzo a liberdade coas miñas mans desposuidas, valentes e namoradas.

## [ Elévome nos cometas ]

Dende que foi o do 'Prestige', e dende que veíraneo en Louro, penso moito no mar. O mar está moi presente en todo o que fago. O mar como un animal enorme. Como unha cidade alta. O mar como muralla. O mar, esa páxina azul dos meus versos.

Para mim o verán é unha forma de reencontrar o mar, de buscarme no mar. Para mim o mar é unha forma de morte. Un escenario onde as vacas atopan unha liberdade que nunca tiveron. Unha liberdade, en certo modo, perdida.

Sempre sangro no mar. E elévome nos cometas.


Louro é para mim un paraíso buscado. Unha forma de facer trenzas coa mirada. Sentarme no mar, e sentir un vitalismo enorme, unhas ganas enormes de morrer. Namorarme, porque eu son moi namoradiza, e no amor atopo respuestas para todas as miñas preguntas. E podo voar, aínda que voar sexa falso.

A veces necesito crer en cousas que non existen. Agarrarme á fantasía. Por iso é tan necesario escribir relatos. E que nos veráns os xornais publiquen eses relatos, como unha forma matemática de analizar a realidade. Non para aceptar a realidade, que sería horrible. Senón para divertirnos. Hai que divertirse, no mar. Xogar aos contrapesos.

Abalanzarse. Sentirnos inmensas, coas nossas saias. Sentir que o mar sempre foi azul, e sempre seguirá sendo azul. A pesar de todas as desgracias. Eu non quero maquillarme.


Eu quero renunciar aos espellos. Na extrañeza dos violíns nace o desamparo dos turistas. A voz fera do silencio. Eu quero que Galiza sexa un país onde o mar se sinta libre. Onde a xente ande espida e sen sentir complexos nin vergoña. Teñen cintura os lagartos. A canción do mar é un poema immenso de amor e liberdade. Os pianos.

.....  
**O retrato de Lupe Gómez (páxina 2 deste monográfico)**  
foi realizado polo fotógrafo Antonio Hernández




8 / XULLO DO 2004 - NÚMERO 522

**rdL** REVISTA  
DAS  
LETRAS



**LITERATURA FOLGAZANA.**  
**Francisco Castro**

Coordinación: A.R. López e Soedade Nola.  
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotograffa: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com



"Eu son un home, eu son a miña memoria". E o autor pregúntase: "¿Cal é a experiencia deste escritor, que é o que sabe, que é o que ten claro?" "No fundamental, as vivencias dos libros" responde. "Pero, como diría Borges, tamén a súa memoria" engade. "E moitas das mellores cousas e das más interesantes que son capaz de lembrar atopeinas, ou pasáronme, case que sempre nos libros, así de aborrecida é a vida deste escritor que non dorme". Francisco Castro (Vigo, 1966) indaga, con pulso vitalista, e ironiza, con arranque crítico, na escrita que é vida sobre a que volve nunha auto-poética no seu último título 'Xeración Perdida' (Galaxia, 2004) que empeza con citas de Whitman, Lennon & McCartney, Monterroso ou Virginia Woolf, aínda que ao inquirilo sobre as súas pegadas literarias fala de Borges ou Pessoa que abrollan nun mundo onde autor e personaxes se confunden, onde se detecta a clara vocación de facer unha nova literatura (non experimentalista). "Pódese afirmar que hai unha xeración de escritores novos, arredor dos corenta anos, con gana de non repetir o mesmo e de

# O home= memoria +autorreflexión

achegar a literatura galega á universal", mantén Castro, membro do colectivo de acción cultural Redes Escarlata, quen está convencido de que vivimos nese mundo agoirado por Nietzsche: "Un século estranxo, con falta de referencias". "Esta sociedade precisa que alguén lle diga catro verdades", apunta o autor de textos como 'A canción do naúfrago', 'Play-back', 'Amor de cinema' ou 'Xeografías' que mereceu premios como o Lueiro Rey de novela ou o Reimóndez Portela de Xornalismo e que leva meses ensarillado nunha nova novela; longuíssima. Do relato histórico á literatura erótica ou da poesía aos textos en prensa, Castro advirte dos "perigos da metáfora" ("Non hai nada máis perigoso cás metáforas") e da "emoción da palabra" que agora reflite neste monográfico da Revista das Letras sobre o relato inédito 'Literatura folgazana', no que o autor e activista cultural reivindica a súa voz, a súa maneira de ver o mundo. Eis a proposta de fondo porque "a literatura é unha maneira de facer más interesante a vida. Esta, por si mesma, non vale nada. A vida, quero dicir. A literatura sí".

“A literatura esixe un acto de responsabilidade. Escribir é crear mundos”. “Escribir é unha maneira de facer máis interesante a vida que -tal como a vivimos ou nos obrigan a vivila- é aburrida, sosa, previsible e vulgar.” “A arte é intento de superación das miserias da vida”. “É imposible profesionalizarse na arte e literatura galega”. “A literatura galega está enferma polo mesmo motivo que calquera outra manifestación artística: calquera actividade creativa no país é meterse nunha situación de esquizofrenia”. “Hai que asumir a vocación de ser politicamente incorrecto nunha época na que cada día é más difícil reivindicar nada”. “O escritor ten como cidadán unha responsabilidade coa sociedade”.

## [Literatura folgazana]

### **Notas críticas arredor de Xoán Xosé Veiga, o Mellor Escritor Galego de Todos os Tempos**

Xoán Xosé Veiga foi un escritor folgazán. Pasou a vida enteira traballando en historias que quixo escribir mais, por pura preguiza, nunca o fixo. De ter algo máis de constancia - só iso necesitaba un escritor do seu talento - teríanos deixado con toda seguridad un número abraiante de novelas, poemas, relatos curtos e ata ensaios filosóficos. Esa é a conclusión necesaria á que chego despois de ter acceso ao seu arquivo persoal, pois tanta é a profundidade e a calidade das súas notas. Porque ese foi o seu traballo básico: tomar notas. Notas e notas interminablemente escritas en cadernos escolares que organizaba seguindo xerarquías confusas cunha lóxica, ou ilóxica, interna, para miñ imposible de descifrar a día de hoxe. Eses cadernos aparecen numerados á maneira tradicional, mais tamén mesturados con outras notas, domésticas, da compra do día, recibos de caixeiros de banco, facturas, calendarios pornográficos ( polos que sentía verdadeira devoción ) e, sobre todo, debuxos repetitivos ( nomeadamente o mesmo monicreque de trazos infantís ), así como unha gama infinida de letras dispostas nun xeito caótico e ilexible.


Procedemos, xa que logo, a transcribir algunas das notas fragmentarias referentes ao traballo literario de Xoán Xosé Veiga, tiradas dos seus arquivos. Como xa dixen, o noso autor nunca publi-


cou nada. De feito, ninguén sabía do seu labor literario. Todos, incluso a propria esposa e o fillo, ignoraban esa paixón secreta. Cando o vián escribir con aquela intensidade naqueles cadernos de cores que nunca deixaba a ningúén, pensaban en moitas cousas, pero nunca na literatura. Como refeiri Xosefa Perdiz, viúva, cando a entrevistéi para a elaboración deste informe: "¿O meu home escritor? Saca de aí. Imposible. Era un nugallán e vivía no bar. Ese non sabía nin collar o lapis". Podemos desculpar a actitude hostil da muller, en parte xustificada pola curiosa (a viúva dixo "desastrosa") vida en común que levaron.

Xoán Xosé Veiga, o Mellor Escritor Galego de Todos os Tempos, non soubo facer felices nin á súa muller nin ao seu fillo. Foille infiel dunha maneira constante, reiterada e case patolóxica. Ao respecto do fillo diremos que ignorou conscientemente a súa existencia e as súas obrigas como pai. Foi un desastre de home.

Na nosa apostila crítica e biográfica atrevémonos a apuntar que, como estaba tan mergullado na creación de todas esas historias que nunca chegou a escribir, non tiña tempo para se ocupar da familia. Esa é a nosa crencia. ¿Cantos escritores importantes viviron así, entregados á súa obra e ignorantes de todo tanto pasaba ao seu redor? Podería contraargumentarse que iso aconteceu, na historia da literatura, con moitos escritores que escribían e que publicaban e que Xoán Xosé Veiga non publicou nada. Certo. Non podemos discutir iso. Ofrecemos, só, a nosa intuición de eséxetas.

En calquera caso, deixamos as investigacións biográficas para outros traballos futuros. A obra de Xoán Xosé Veiga é tan ampla (a pesares da súa condición fragmentaria) que hai traballo dabondo para moitos anos.





Daquela, a Xullo de 2004, o que podemos ofrecer á curiosidade lectora é o que aquí de seguido transcribimos (o texto literario vai en letra normal; as reflexións feitas con bolígrafo vermello sobre o texto, polo propio autor, ofrecémoslas en cursiva):

## [ O profesor ]

**Notas para unha historia académica.  
(9 de xullo de 1983)**

Manuel era un profesor aborrecido da súa vida docente (*reflexionar sobre o parecido das palabras "docente" e "doente". Con rexouba*). Levaba quince anos traballando no ensino secundario e estaba, para dicilo sen adornos, farto de todo. Os domingos á noite custáballe durmir porque, dunha maneira inevitable, íaselle a cabeza á primeira clase do luns, cando tería que se confrontar á súa clase de Xeografía cos seus estúpidos alumnos da ESO. Pero un día, aconteceu algo que cambiou para sempre esa ladaíña triste que era o seu traballo. No básico e por amolar, fixo unha pregunta difícilísima, unha desas que non vén no libro de texto, unha cuestión complexa sobre a formación das rías gallegas. Nin sequera el tiña moi clara a resposta. *¿A quien carallo vai importarlle como se formaron as rías?*

*Como se iso fose importante para ir polo mundo. Que de cousas inútiles me fixeron estudiar. Acórdome agora das clases de Latín e da nai que as botou, e, sobre todo, da nai que botou á profesora de Latín.* Daquela, Xaquín Pita, o rapaz más fedelio da clase, o tipo más desastroso e más sen futuro daquela aula, ergueu a man para responder. “Eu sei a resposta, eu sei a resposta. Pregúnteme a mi”.

Desde a súa cadeira profesional, Manuel ergueu canso a ollada disposto a escoitar calquera estupidez. Mais, Xaquín Pita, dixo: “O que pasou foi que os extraterrestres, hai millóns de anos, antes de que existiran os monos sapiens, no tempo dos dinosauros, viñeron a Galicia coas súas naves espaciais e daquela eran tan grandes e eran tan nucleares que desprendían unha enerxía tan grande e tan nuclear que esgazaron a costa formando esos accidentes xeográfico-políticos que chamamos rías de Vigo e de Muros. E a de Ourense tamén”. Xaquín Pita estaba de pé, moi serio e moi consciente da babecada que viña de decir. O resto dos rapaces nin pestanexaban, atónitos. Rodrigo, o parvo que senta á dereita polo final, xa empezaba a rir. Xaquín Pita, moi serio e moi digno, agardaba cheo de ansiedade a valoración do mestre. Mais para sorpresa de todos, Manuel dixo: “Moi ben Xaquín, moi ben. Vexo que estudiaches. Esa é a resposta correcta. Pensei que ninguén a sabía. Vefña, repítea. E todos os demás, a copiala, que vou preguntala seguro no exame”. Manuel, o profesor canso e desmotivado



de Xeografía, pasou o resto da semana ofrecéndolle aos alumnos teorías inverosímiles e sorprendentes moito más interesantes que as verdadeiras. Así, por exemplo, explicoulles que os escoceeses levan saia porque, en realidade, son todos travestis (*en 'Braveheart', ¿por que lle ensinan o cu, senón, aos ingleses?*); que Cristóbal Colón volveu enfermo do Novo Continente pola infección que lle produciu unha ferida no cu causada por unha perdigona que, nun arroto de celos, lle deu un dos irmáns Pinzóns (non está claro cal dos dous) que, en realidade, era parella de feito do Almirante (como suxire certa canción popular; Manuel fixolla cantar a todos); explicou tamén, que había unha relación directamente proporcional entre o tamaño da cabeza dos grandes persoeiros históricos e os seus testículos (*gústame escribir isto, eu son bastante cabezón*). Así, exemplificou o noso profesor, Napoleón foi un home que os tiña moi gordos e avultados, mentres que Hitler e Franco, obviamente, tíñanlos moi pequenos.

Despois desta semana frenética e vistas as queixas reiteradas dos pais dos alumnos, o director decidiu expulsalo para sempre.

*Aquí deixo esta historia. Retomala más adiante. Hai que profundar nos aspectos psicolóxicos dos nenos e do profesor. Realizar unha crítica velada sobre o sistema educativo occidental. NOTA PARA MIN: Estou canso, moi canso. Hoxe non escribo máis. Prepararei un cubata de xenebra para procurar a inspiración e seguir mañá.*

## [Onírica]

(11 de agosto de 1984)

*Estas cousas pásanme por darrle tanto ao cubalibre. Agora teño sono, moi sono. A historia, tal e como se me ocorreu no bar era boa, moi boa, pero xa se me esqueceu. Iria polo segundo cubata, non máis, e vin a historia clara. E cando lá apuntala, decateime de que deixara o puto caderno na casa. E agora, madía leva, teño sono, moi moi... Apunto o que poída e marcho para cama a durmir. Mañá pónome con ela. Esta si vou ser capaz de escribila.*

Alí ninguén soñaba. O goberno mundial distribuía a substancia anonírica (*Velaquí unha fermosa palabra de laboratorio. Tamén podía poñermela a inventar palabras e así facerme de ouro escribindo con termos raros e estráños*) que impedía á xente soñar. O goberno no explicáralles ás persoas que soñar era perigoso, que, de feito, era a actividade más perigosa que existía, que se alguén soñaba morría seguro. E todos crían e, daquela, ninguén esquecía tomarse o líquido anonírico que impedía a xente soñase.

*(Carafio, este si que podía ser un bo conto. Habería que tirar deste fío, e seguir insistindo por aquí, a ver que se me ocorría. Pero teño sono. Palabra que hei deixar os cubatas para sempre. Ou, mellor, o que cómpre é non esquecerse de ir co caderno de notas a todas partes. Sobre todo ao bar).*

## [Experimento literario]

(3 de Marzo, ¿1985?, ¿86?)

*Sería interesante escribir relatos dunha soa palabra, ou de moi poucas. Algo rompedor e visceral, algo radical que non se teña feito antes na literatura galega. Nada de microcontos ou microrrelatos ou todas esas paifocadas que fan algúns escritores sen imaxinación tipo Monterroso e así.*

Idea Relato 1: Picado. Estou picado e moi farto e un día vou ser cabronísimo.

Idea Relato 2: Ela achegouse a min, más viánselle as trazas con claridade. Viña ao que viña (*Había que animarse a escribir un relato erótico*)

Idea Relato 3: O profeta lanzou o seu agoiro. Todos tremeron (*conto de medo, de moito medo, con este inicio abraiente*)

Idea Relato 4: Diálogo:

- O fillo non é teu. É de meu pai. Ademais, estou operada. Non me chamei sempre Vanessa. Antes, era Venancio.

- ¿Pero que me dis? - contestou Liborio Alberto Segundo Santiago - ¿que me dis? Ese fillo é meu. E eu tamén teño algo que confesárche - Liborio Alberto Segundo Santiago fixo unha pausa dramática - Amo á túa avoa e imos casar mañá en Las Vegas (*unha historia romántica. Non hai case literatura romántica de culebrón en galego. Mágua non ter agora tempo para desenvolver isto*)

Idea Relato 5: O radioguía radioestético radiografiou a radical realidade de Ramón.

Informe rematado a día de hoxe, 1 de Xullo de 2004. Volveremos, noutro momento a nos ocupar da Literatura Preguiçreira de Xoán Xosé Veiga, o Mellor Escritor Galego de Todos os Tempos.

15 / XULLO DO 2004 - NÚMERO 523

**rdL**  
REVISTA  
DAS  
LETRAS



## CATRO NARRACIÓNS RECUPERADAS

Coordinación: A.R. López e Soedade Nola.

Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografías: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

O dous de xullo de 1991, Revista das Letras abría os seus monográficos de verán con 21 relatos realizados para o suplemento por algúns dos escritores que entón formaban unha mostra da apostila narrativa do país, desde Manuel Guedes a Suso de Toro, Ramiro Fonte, Alfonso Álvarez Cáccamo, Quico Cadaval, Lois Diéguez, Xavier Queipo ou Carlos Quiroga. Boa parte deles segui-ron unidos ó suplemento a través do tempo e hoxe recuperamos algúns de-les –nunca recollidos posteriormente en volume ningún– como mostra do seu interese e plena actualidade: Margari-ta Ledo, Manuel Outeiriño, Margarita Fernández e Darío Xohán Cabana.

# O home da bici

Margarita Ledo

Unha mullerpolicia, en Portland, agarda pola beira esquerda e fita ao nenonegro en se achegando na súa parsimonia. Nenonegro ven aí, dá por veces un puntapé nos coisos para facer más libre o seu paso rimado, olla o bambam das súas wambas brancas do trinque, carniña polo parque cos seus jeans e co nique azul que pon atrais e en grande a palabra NIKE e nen para na mullerpolicia, co cabelo querendo ir para roibo pero sen conseguir esa cor irlandesa e racial que nos leva prendados e que nós conseguimos reproducir aló na vaca do país, cabelo que mullerpolicia recolle como está mandado en cola de cabalo para non enterpecer o relustro dos anteollos que ordea o regulamento federal.

A mullerpolicia vai cara o nenonegro. E cando está fronte do neno e a fronte do neno non alza más aló das mamas da mullerpolicia, escóitase di-

da que gosta o xaguar.

E agora, agora nenonegro salouca.

E nos ollos seus, romos e minerais tal coma os seus mofletes, abrolla un sinal de desespero, animal sen terra, animal triste, a marcalo no interior ao vivo mentres, no coche blindado da policia, deiata a cabeza para atrais todo o que a cabeza de si dá para atrais.

E cando a cabeza retorna ás orixes os saloucos concéntranse nos tendóns laterais do pESCOZO e cada salouco é un golpe de látigo que lle fai agardar por muito tempo o non para sempre xamais e a oportunidade de brilar outra bici para dar unha volta polo barrio e para comprobar como o vento é fresquiño sobre os seus mofletes.

As túas mauiñas, nenonegro, cando a cámara as



cir:

-Así que mangaches a bici...

En realidade a muller dirá:

-Roubaches unha bici. Pois hei de te te levar a prisión.

Nenonegro vai e retira o brazo seu que lúe co da mullerpolicia. Nenonegro atrae o brazo para si e trasládao por sobre o estómago para acobillar a man sob o cóbado do lado contrario e facer cos dous brazos un nó.

Mais a mullerpolicia está xa nas costas e pon unha man enriba da caluga do neno e coa outra, adestrada tal e coma cómpre, desfai o nó nun tris e ponlle as esposas. O nenonegro vai e ponse a chorar.

Polas súas meixelas tensas e fermosas as bágoas esbaran con facilidade porque a pel lisa do nenonegro mímase nos mofletes romos, carne doce

colle para amosar exemplarmente cómo a mullerpolicia abre as esposas indícanos, na túa testa inclinada agora para adiante, que iso che debe doer muíto.

Xiras de presa os ollos. Ás agachadas séntaste como o muá dun bico. Luva negra. Luva de pelica negra. Luva altaiva e aos morros. Luva lene e de pelica negro dos teus irmáns Black Panthers. E xa non deixarás que catro ghichos brancos, anglosaxóns e protestantes te baleen nunha estación de metro.

-Tamén nós tivemos unha box que se chamou Pantera.

Este relato apareceu na páxina 18 do número 6 de Revista das Letras cunha ilustración do boxeador El Pantera. O relato ía dedicado a Nelly Schnaith.

# Sounion Hotel

Manuel Outeiriño

4 | rdl

Galicia Hoxe, 15/07/04

Seica o único xeito de chegar a Súnion é en autobús.

—E de onde saen?  
—De aquí mesmo, polas mañás e polas tardes. Pero son autobuses turísticos, de ida e volta.  
—Que cara pos! Tamén podemos coller un taxi!  
—Un taxi! Un autobús! Sabe-lo que che digo? Que non vou ir a Súnion! Que carallo vou facer na punta da Ática? Tirarlle unha foto ó solpor? Teño máis de mil discos con fotos así! Non vou. De haber tren, sería outra cousa. Pero non o hai. Se queres imos en auto-stope cando chegaremos alí decatámonos de que non levamos máquina fotográfica e de que se trata diso. Écheme como ir a unha festa do Liceo vestido de rebaixas: sempre hai un socio que te pase, pero cando estás dentro decatáste de que non tes nada que facer, de que se trata de levar roupa bonita, ou de medio pelo.

—Pois eu funche a Delfon nunha grúa.  
—Si, na parte de atrás.  
—Marabillosos! Delfos queda nun cruce de cami-

—Síntocho. Sonche o acordo e o trascordo.

—Estás a pasalo mal?

—Non. Pásso ben. Mira, é caralludo, aquí, nesta terraza, tomando un martini. Nunca che tomei un Martini nunha terraza, e ben que podería facelo nas do parque de San Lázaro. Pero non son capaz. Dácheme vergoña. Só tomo vermu nas aldeas, e sempre dan Cinzano, nas sesións de vermu das festas, ou á hora do vermu, algún domingo. Pero agora vouno ir tomar ó parque, cando volvamos a Ourense. Vou facer por tomalo alí. É carabulludo tomar vermu nunha terraza. Son parvo. Ti es do parque ou de por alí, non si?

—Eu nunca che tiven tempo de tomar vermu. Xouei no porque cando era pequena.

—Pasaba un home que vendía flores, case murchas. Merqueille un ramalillo pequeno.

—Gracias. Nonsei porque o fas.

—Para que me fagas unha infusión con elas, a ver se me tranquilizo.

—Dixo que podíamos ir cear algunha cousa: un



ños. Pero que carallo vas facer na punta da Ática? A min, é que me da vergoña. Paso.

Agarroume polo brazo.

—Veña. Tomamos algo.

Sentamos nunha terraza. A guía puña que as decisións se tomaran en Sintagma e se discutían en Omonia. E eu decidira marchar de Atenas canto antes, alí, en Sintagma. Todo o que me interesaba da cidade eran as botellas de ouzo, ver de incorporar algunha cousa así. Quizabes probaría o coñac 'Metaxas'. Vira un anuncio del nunha retransmisión da copa de Europa. Era o caso dunha intención sentimental e degradante: comparalo co coñac 'Magno', co coñac 'Fundador'. Comparalo cos coñacs que non bebia. Xa os bebería. Os coñacs das partidas. "Hereux qui comme Ulysse..."

Pedimos dous Martinis e prendín un Papástratos. Tamén quería fumar tabaco grego, en especial, 'Santé', uns pitos que viñan nunha caixa vermella que viña no centro a cabeza dunha muller, arrodeada dunha orla dourada. Sabían a colonia. A colonia da corista. "Madeiras de Oriente", pensei, o cheido dos velorios, a colonia dos mortos.

—Pois non sei que tes contra os autobuses.

—Nada, nadiña. Esoutro día collín un e estiven a dar voltas por alí a tarde toda. E paseino moi ben. Atenas eche unha cidade moi extensa. Os edificios non teñen moitos pisos. Pareceume habitable.

—Non queres ir a Súnion, logo.

—Xa non, non a pé. Parecería un peregrino. Alá! O camiño de Santiago! Impermeable de nilón e botas ou pantalóns curtos e camiseta de algodón, tanto ten, unha merda!

Miroume de fite. Quizabes con simpatía.

suvlaki, musaka, tomates recheos.

—Erguimonos e camiñamos plaza arriba.

—Non querías ir cear?

—Quero. Pero vou ve-la estatua aquela. Aquel edificio que é.

—O do goberno.

—E aqueles dous tipos alí?

—Unha pallasada como a de Buckingham, pero en pequeno. Na guía véñenche as horas dos cambios de garda.

Marchou pola explanada adiante, cara a estatua xacente, o monumento do soldado anónimo. Estaba a un metro cando os soldados cruzaron os fusís por diante e berráronlle o alto. Non se asustou. Quedou alí. Os soldados volveron á posición de firmes.

Volveu contra min e fun cara a ela.

—Ia porlle flores alí esas flores. Quería saber de cando é o momento.

—Sabe-lo que me intriga? Saber se a luz que ten é de gas ou de petróleo. Fixácheste? Non sería unha mariposa!

—Tomamos unha no Neón?

Fomos cara a praza de Omonia. O café tamén o mencionaba a guía. Viña caendo a tarde. Empeza ba a haber colas para os buses. Prendíanse as luces. Pasamos á beira dunhas galerías e non sei que fomos mirar nelas. As tendas estaban por pechar. Despisteime mirando os mostradores, pásame adoito. Estaría a comparar prezos de transistores, porque non soporto os souvenirs e a roupa toda páréceme moi bonita pero moi cara. Os dependentes sacaban caixas de cartón e deixábanas á portas dos establecementos. Pensei no valor sentimental

das mercancías. De pequeno, pasei moitos veráns nunhas galerías comerciais. Pareceume que sentía unha certa nostalxía, decote confundo a canseira e a nostalxía. Creo que é cousa de formación.

Ensoñaba o ritmo das galerías comerciais, locus solus. Ela viu onda min. Atopoume.

-Marchamos?

-Non deixa. Estás fresco aquí. Mira toda esa xente. Por fin vexo algo normal. Gústame as caiñas? A mi gústancheme as caixas de cartón. Creo que me gusta máis o cartón do que o mármore.

Collina polo van e biqueina. Non sei nin como se me ocurriu. A primeira vez que mirara para ela estaba a tirar un pito dun paquete de SG. Decatouse de que miraba para o tabaco e convidoume. Viñamos nun foguete, de Porto. Falamos de 'Tabacaria', o poema de Álvaro de Campos, de que o verán estaba a empezar de que era o momento de facer viñaxes baratas. Os dous queríamos ir a Grecia, 'Grecia, revista litararia', dixo ela. Ó cabu dunhas semanas, fixemos un grupo e mercamos xuntos uns billetes de tren para estudiantes. O más íntimo da nosa recente relación fora fumarmos moi compradicados e espectantes, xa nos coñeciamos algúns acenos. Moito fumamos, siderizabamo-los acenos: pedras para un milladoiro milleriano. Ago-rra bacabámonos. Pegámonos contra unha parede. Apretámonos.

Pregunteille se lle gustaba o lugar.

-Non vai calor... e non o mencionan as guías, pero probablemente é o corazón de Atenas.

Nunca tal dixerá! Sentín nas súas palabras unha mestura de ironía e obviedade moi propia. Volvíng

E lembrei tamén a frecha que había na caixa de cartón do frigorífico, por riba da inscripción THIS SIDE UP, cando me disparei. Permanecía alí, inmóbil, a imaxe da miña iniciación carnal, na frecha inmóbil, ascendente tamén, como a que Arjuna dispara cos ollos pechos para acertarlle a unha pluma no aire por riba do Himalaya. Endexamás acabaría por entrar nela, os seus adentros moveríanse de vagar e a descripción do noso encontro, do más íntimo del, era imposible, aporética. Tan imposible como se me fixera a punta da Ática por terra. Facíasme difícil pensar que a relación fose más ca simbólico.

A miña arrotada abofé acabara en metá fora (e metá dentro).

Enviei un ouzo todo dun grolo.

-Discúlpeme a perrencha desta tarde. Para mi Súnion é cousa de significado literal, ou litoral, se me permities redondear algo na palabra: "é ou non é, velaí a cuestión", ouzado como estou, permítome isto. Emocioneime cando lin nun libro de barcharelato uns versos de Riba: "Súnion, t'evocaré de lluny amb un crit d'alegría... Tu vettes, blanc a l'altura, pel mariner que per tu veu bengirat el seu rumb". Entenderás que como isto vén sendo unha viaxe de estudos...

-Non te disculpes.

Púxennme a escota-los ventiladores. Creo que escoitaba os ventiladores con paixón. Díxen:

-O son dos ventiladores.

-A calor aparva.

Dende o fondo do bar viña camiñando un home cunha copa na man. Parou onda nós. Inclinouse,



bicala e abaixe a cabeza. Achantámonos á beira da caixa dun electrodoméstico.

Os dependentes saían dos comercios, apresurados, cada un a súa. Botoume a man ó pelo e riu:

-Estamos en Atenas, a calorados, incendiados e arrodeados de caixas de frigoríficos, literalmente.

Torcín a cabeza e mirei para o cartón, había unhas letras: THIS SIDE UP. Indiqueillás co dedo.

-E iso é unha inscripción délfica. E vou segui-las súas indicacións literalmente "tu eres el mar y yo soy la brisa".

-Ponto quieto! Que mar tirio!

Subinlle a saia, decidido por fin a coñecer un dos principais misterios da humanidade. Pensei que xa non iríamos a Eleusis. De sai-la cousa ben deixábamoa-las literas de estudiantes e procurabamos un hotel aquela mesma noite. Adeus travellers!

Vin que aceptaba a miña acometida. Abraeime da miña afouteza e dunha certa brutalidade que quizabes, pensei era, no fondo, o mellor impulso. Volvíng torce-la a cabeza. Deurne por torce-la a cabeza, non sei se sería de telo visto nas películas. Volvíng para-los ollos na caixa de cartón: FRAGILE. HANDLE WITH CARE. Púxennlle as mans nos seos con moito tento. Que satisfacción non lle deberei ó comercio mercantil!

Estaban a baixa-la a persiana metálica cando saímos das galerías. Logo de camiñar uns dez minutos, chegamos ó Neón, ben de vagar. Pedín café e ouzo. Ela pediu rakí. "La vita do per reakí!", cantou. Tamén ela empezaba coa expresión litoral pensei.

-É unha canción que escoitaba na radio, cando era pequena.

-Lembro, si.

asinalou unha silla co man e arcou as sobracellas. Movín a man cara el nun aceno confuso: "faga o que queira" ... "colla a silla" ... "sente". Sentou. Tendeume a man.

-Aristóteles.

Correspondín.

-Xosé.

Ana sorriu. Non sei que más podería pidir pra unha viaxe de estudos! Pregúntelle onde podemos cear. Vou lavarme.

Vina detida por frente dun camareiro. Mireille para as pernas. Fixeime nela. Unha estatua, esta a convertila nunha estatua. Temín que acontecese iso caso de volver a abrazala. Erguín a vista e fixeína nas costas. Lin a súa camiseta de algodón: KODACRHOME. THE COLOR OF LIFE. A relación precipitárase quizabes pola excitación da punta de Ática. Pero cos ollos no anuncio da película instantánea viña de decidir amala propiamente, con ironía, en filme. Grecia era toda unha calcomanía. Dende pequeno, pegaba calcomanías na pel. Outros rapaces marcaban corazóns e letras con navaillas nos brazos. Eu prefería os debuxos feitos, as marcas que non doen e que saen logo; será porque nunca alcanzan a carne! Volveume a frecha inmóbil da caixa de cartón. HANDLE WUTH CARE. Aínda non a vira espida. Pregunteille a Aristoteles por un hotel. Colleu unha servilleta de papel e empezou a escribir: SOUNION HOTEL, Alexander Vassilikou, 131...

# O visitante

Margarita Fernández

6 | rdl  
Galicia Hoxe, 15/07/04

E no momento de maior tensión, chegou a gargaillada. Como un fogo de artificio que poñía luciñas de cores naquela escuridade calma, o visitante traspasou o soarego da porta decidido e sorrinte. Sóubome enfrentada ó seu poder. Con duda, con medo, pero enfrentada. Do seu sorriso manou, como fonte tibia, a promesa dun pracer que nunca podería converterse en dor. Dúbida, medo, pracer. A fórmula perfecta para poder sucumbir.

Achegouse a mi, e as súas mans, expertos cincelos, despertaron nun instante que durou un segundo inquedo a sombra que felizmente dormía sobre almofadas de costumes extinguidos, transformando incerteza en ancio.

Unha chuvia doce humedeceu-me as bragas e o aveludado musgo do pube viuse inmerso nun tremelecente remuñío e as súas ondulacións conducíame a nudeces de voluptuoso carmesí. Non era un amor pensado. Era, más ben, unha fuga do orde que, como en sordina, acaba por converterse en

aparecía descorida e insignificante no cumio dunha perigosa pendente. Estaba, de novo, atrapada na mesma situación que, noite tras noite, se repetía coa chegada do sono.

A vontade de fuxir fixose máis forte e espertei. Soa, no leito, coa saba entre os dedos, paladeei o último suspiro. En tanto, a luz do día entraba pola fiestra.

Espinme da camisa de dormir que, bañada por unha suor pegañenta, caiu ós meus pés, e camiñei ó baño. Un olor dulzón denunciaba a presencia do visitante no meu corpo e entretívenme saboreando, ó tempo que a auga alcanzaba a temperatura adecuada. Tras aquela cortina de auga morna, dous ollos agardaban entusiasmados. Mireino slientiosamente no pracer de matar, abandoando o impulso da fuga.

Da ducha caían, como pingas de auga, miles de razóns lóxicas que se sucedían vertiginosamente. ¿Que rara transgresión o tiña traído ata aquí? Eu



marmurio. E no marmurio, os visitantes que tiñan pasado pola miña vida, retratos de recordo, ficaban mudos.

Busqueime na serea e burlona compracencia dos ollos inquisitivos, e atopeime presente no consentimento de escuros bicos. A certeza fixose nota limpia no silencio; asasinaria a aquel visitante por temor ás miñas debilidades.

O neutransmisor que permitiría o asasinato, e que tantos anos me levaría a descubrir, agardaba preto da miña man, disposto para ser pulsado. Mais, de supeito, asaltoume o baleiro. Sensacións sen codificar, porque áinda non foran rexistradas, aumentaban a potencia dos influxos eléctricos, e eu esváfame en nube.

Reencontreime na sede por coñecer, e ata min chegou, como un eco, a voz daquela seducción condensada nun por que. De pronto, eu estaba lonxe de todo, no espacío e máis no tempo. A miña habitación co leito arrimado á parede estaba alí, pero

amaba a aquel home no sono pero agora experimentaba tamén unha especie de admiración por el.

Afondei nos ollos que se amosaron francos, cheos dunha estupefacta sorpresa, como se o silencio mantido nos tivera cambiado realmente. Sabíamonos cómplices dunha rara intelixencia, que en mi provocaba unha turbación precisa. A chispa do desexo excitou os sentidos ás riscosas acrobacias e estes desencadearon a intensidade da miña paixón.

Acerqueime a el como tantas veces no sono, e a súa figura chorreante fixo un xesto longo e provocador. Sorriu e, como unha estraña visión, pendrouse do aire. Desexei ser amada, sen culpabilidade, por aquel home, e pechei o grifo da augal. O deserto extendeuse ante os meus ollos.

.....

O relato saiu na páxina 16 do número 6 de Revista das Letras.

# Un incendio

Darío Xohán Cabana

Veu un verán de terribles calores, e o aire vibrava sobre os herbais, debuxando os perfís das pavizas más altas. Eu xa vira couzas semellantes outras veces, nalgúns mediodías doutros estíos dourrora, cando un bafo de lentura secreta producía algúna diferenza de densidade no aire ó rente da terra. Pero aqueula suave alteración doutros días non era igual que este tremular, nin tanta nin tan seguida.

Desta vez deixara de chover e de orballar tanto que ben se coñecía xa os lancíns de auga subterránea, porque sobre deles aínda medraban algunas rameiras de ballico verde, rodeadas polo carriño grisallo que, en pasados días primeiros da primavera, empezaran a vivir só cara a abaixo, e prescindía da elevación sobre a terra inhóspita, apregado á terra, aforrador, resistindo nas súas escondidas raigames.


Botei algunas noites desasosegado, porque empezara a distinguir un resplandor que, des que o sol se poñía, parecía anunciar polo nacente un outro inmediato arrairar o sol. Era unha teñua claridade, difícilmente branca, cun leve matiz de sangue suíudo a rasadas, que se mantinha ó longo de toda a noite coxu final anunciaba falsamente. E logo viña a aurora e borrábaa mesturándose con ela. Parecía que cada noite clarexase un pouco máis, a non ser que os meus ollos se fixesen máis sensibles para percibila.

Non había nubes, ou non o parecían. Algunhas couzas brancas manchaban altísimas o claro azul da bóveda. E o bochorno levadaba coma un pan.

Unha noite pareceume que a falsa aurora brillaba tanto que afogara o fulgor dalgúnhas pequenas e baixas estrelas orientais. A fogaxe fixérase más acorante áinda, e nin unha airexa de vento aliviaba as bafaradas que agora, no medio da escuridade, parecían subir da terra secana e triste que era o meu leito. Custoome

sucesión de monótonas xornadas de fuga. As herbas estarruña-das estalaban coa calor, e as flores secas dos axóuxeres renxián ó meu paso, destinadas a non inzar. Atravesei congostras, ríos, toxerias, brañas, gándaras, fragas, silveiras, camiñando sempre en liña recta, co lume detrás de min, cada hora un pouco máis lonxe. Grandes vagas de fume levantábanse na enorme fronte do incendio, unha gadaña infinita que se perdía á esquerda e á dereita do horizonte, detrás de min. Diante de min, o ceo seguía sendo dun azul purísimo, zarrapicado polas poucas e altísimas manchas brancas que parecían acompañar a miña fuga. Sospeitei que na súa imperceptible lentitude avanzasen un pouco máis ca min. Detrás miña formábanse nubes anegrelladas que nas primeiras horas da mañá embazaban terriblemente o sol. Pero despois o sol agabean ó cerin, e saía da zona escura, e brillaba outra vez coa súa cor natural, e os seus solpores éranme familiares cando eu, canso, me deitaba para dormir no sempre de contado, lonxe o máis que podía do muro ígneo do Leste.

Chegou a lúa chea. Metade do ceo nocturno, ou aínda algo máis, lucía coma sempre as súas estrelas. A outra metade era negra de fume negro, e ningunha luz, non sendo o fulgor do incendio, ousaba atravesar aqueles inmundos buzarrus. Un gran disco a penas menos mouro có ceo levantouse polo Leste, segundo o sol se deitaba gloriosamente. Adormecín cos ollos postos no seu mínimo brillo, máis adiviñado ca visto. Espertei de alta noite, e o branco luar alumaba o camiño. Levanteime e botei a correr, aterrado polas chamas que me parecían máis veloces ca nunca. Pero só era o terror. Soseguei por fin, máis seguín andando a modo, pois non me sentía capaz de dormir outra volta. Case sentía como os outeiros, as carballeiras, os ucedos, os herbais, caían baixo o paso inmisericorde do lume, aló lonxe. A terra seca renxián coa miñas pisadas. Un rumor perseguíame, un zoído do



traballo adormecer, cun cheiro agre no interior dos meus fucños, arriba, case cabo dos ollos. Tiven pesadelos, e espertei ó mencer.

O sol erguaise no medio dun fume gris con ondas escuras, e non brillaba. Era un enorme semicírculo dunha cor vermella tan escura que semellaba sangue callado. Antes de que acabara de arredondarse sobre a liña do horizonte albiskei as laparadas, a inmensa fronte de lume, a recta muralla de fogo que desde o Leste se me viña en contra sobre as chairas, subindo e baixando outeiros, atravesando ríos, lenta.

Levantárase un vento soán, semellante ó bafexar dun forno, e sentín ourizármese os pelos máis sensibles do corpo. Botei a andar, e o movemento da ardente brisa cesou, e cesou a miña percepción, compensado o seu asoprar pola velocidade da miña vagarosa fuga. Andei todo o día, pero no corrín, aforrando as forzas, e aínda así pareceume que gañaba algúna vantaxe diante do incendio. Cando a noite caeu, o resplandor do Leste non era maior, creo, có que vira a noite pasada antes de adormentarme, e entón deiteime no chan coa tranquilidade inevitable da fatiga.

O mencer doutro día foi semellante ó anterior, e así se iniciou a

aire, un laido.

A penas os ríos levaban un fío de auga, a penas algunhas oucas atopaban sustento. Pasaron días e noites, e eu mantinha a distancia. Pero as nubes negras xa galgaban diante de min, e enchían a cúpula do mundo. O sol vencía só unha pequena semiesfera, e eu estaba no centro, e o horizonte parecía vírseme enriba. O cheiro a chamusco facíase insopportable en tódolos ocos do meu corpo. Eu seguía andando regularmente, resistindo o terror, adiviñando as fases da lúa nos meus pulsos.

A noite é dunha cor nova no mundo, nin vermella nin negra, e debaixo das pálpebras cerradas acéndense estrelas de memoria. Sei os días que trascorren desde o comezo da miña fuga. Sei a distancia que percorrín pola conta dos pasos meus, lentos, avaros do seu folgo. Un olor novo puxa por chegarme ós profundos dos narines, filtrado polo sarrio que se me apregaña neles. Detrás de min, cerca, corre o incendio pausado, sempre igual a si mesmo, devorando fragas, toxerias, gándaras, brañas, herbais, camiños. Diante de min ulo o mar, camiño intransitable.

Este relato apareceu na páxina dúas do número 6 de Revista das Letras.

12 / XULLO DO 2004 - NÚMERO 524

**rdL**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



RAPAZZA. María Yáñez

Coordinación: A.R. López e Soedade Nola.

Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Digitalización: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

2 | **rdL**  
Galicia Hoxe 22/07/04



Os seus textos levan tempo emerxendo, como pílulas enerxéticas cargadas de ironía e de espiral revisión, no andar da rede. Detrás dun rato democratizador, duns bites no que bloguea e escribe sen sentirse escritora –máis ben mullerista– sobre o galego do pobo, dos reintegratas, da marcha... María Yañez (Lugo, 1978) esperta novos azos nun blog que entrega na web de Vieiros consciente como é de que a “tecnoloxía é moi sabia e discrimina moi ben o que é útil do que non”. Aquí encinta o éxito das pílulas: “había unha xente con ansia de escribir ou de comunicar e creouse unha ferramenta sinxela e gratuíta para facelo. Grazas a internet calquera pode escribir e publicar o que escribe, cousa que me parece do máis san e democrático. Ademais é a ferramenta perfecta ao servizo de aqueles con espírito máis rabudo ou crítico, unha speaker's corner para todos aqueles que non teñen voz nos medios tradicionais”. Speaker's corner que, coma ela, son voces novas e diferentes, más apegadas ao cotián, sen moitas pretensións e sen ter que se axustar a ningún canon de xénero ou estilo. “O formato –subliña– permite experimentar, co ferro que quita o saber que os textos son efémeros e que se hoxe non escribes algo moi inspirado mañá xa che sairá mellor”. E advirte: “os demasiado autoesixentes non valen para ter un blog. Neste suplemento pódese comprobar: aínda que o trono está moi desputado, acho que son a peor poeta do mundo. Pero aí van os catro poemas que tiña e a pouco vergonza que me quedaba. Que a audiencia fique tranquila: non teño máis”. Eis a súa particular presentación do relato ‘Rapazza. Achegas para unha (im)posíbel revista feminina galega’ deste monográfico da RDL que xorde tras a experiencia do weblog que ela mesma tamén concibe como “unha conversa”. Así se suceden os temas que “podería sacar en calquera bar” e que resumen nun “arranxar o país, falar ben ou mal dos demás, compartir algúns descubrimentos interesantes e, por suposto, tamén compartir experiencias persoais e estados de ánimo”. Logo nace a tertulia, con contribucións d@s outr@s: “É moi san estar aberto a recibir críticas e comentarios in si-

# Non sabemos nin o que nos gusta Mullerismo

tu, ou mesmo achegamentos que moitas veces son mellores que o que ti escribes no blog”. Escribe María Yañez, que dirixiu Bravú.net e agora anda metida na produción cinematográfica, do que coñece, do que lle rodea, do que lle chama a atención. “A xente da miña xeración vivimos certa esquizofrenia de referentes: a aldea e a cidade, a tradición literaria e internet, o compromiso social ou político e a seducción que nos produce a sociedade do consumo. Volver dunha mani de Nunca Máis e poñer na tele Crónicas Marcianas”. Responde ‘Rapazzas’ precisamente a isto: “a xogar coa idea de que as galegas tamén temos o noso feminismo posmoderno” – ou “mullerismo” – que non é incompatíbel co falar de Castelao e de cremas de depilar. E rexouba: “Non sei se é politicamente correcto pero é moi divertido e bastante máis realista do que parece”. Apaixonada do cine, escapa furtivamente do xornalismo envolta, como confesa, nunha auténtica “esquizofrenia de referentes”. De Marie Claire á xeración galega dos 80-90 con Rivas, Reixa, De Toro, Ronsetz, o bravú... ainda que nos últimos tempos nota como “a literatura galega é máis conformista e autocoplacente”. Ao non atopar nada que lle “encha o ollo” escapa cara á anglosaxona (Martin Amis, Ellroy, Auster...) e mesmo á francesa: “ultimamente estou descubrindo a Houellebecq”. De todas maneiras cre que está máis influída polas revistas (que merca compulsivamente), a prensa diaria, os blogs, e polo cine e a televisión. “Demasiadas cousas e demasiado pouco tempo. Debería escribir menos e ler más”. Na música, éntralle absolutamente de todo: dende os Ramones ata os Tamara. Música brasileira, os Pixies, Camela, La Buena Vida... anque está descubrindo que o seu “rollo é o pop, nas súas múltiples manifestacións”. Polo demais subscribe a frase de The Focomelos, grupo madrileño de electroclash: “non sabemos nin o que nos gusta”.

“Na bloguesfera galega estase a dar algo marabilloso que é que a xente ten moitas cousas en común, porque os referentes que che dá o mero feito de andar diario por internet son bastante parecidos, iso sen contar con que somos todos más ou menos dunha xeración que aquí en Galiza non ten moitos espellos onde mirarse”. “Conto o que me apetece e ata o de agora non me teño arrepentido de nada do que escribín, nin sei o que escribirei no futuro”. “Non me sinto escritora así que non podo ter un compromiso como tal. Outra cousa é o compromiso que cada persoa poida ter co mundo que lle rodea”. “Hai un fetichismo desmesurado polo libro, parece que se os textos non están impresos e encadernados son menos textos... e ademais en internet xoga un papel moi importante o hipertexto, algo que non se pode trasladar á letra impresa”. “Poñéndome chula mesmo podo presumir de non ser culpábel da morte de ningún eucalipto”. “Pero prefiro non pecar de soberbia, porque realmente nunca me ofreceron editar un libro”.

“Non sabemos nin o que nos gusta” (The Focomelos)  
“Con media muller abonda” (Xosé Moreiras Santiso, Os mil e un re-  
fráns galegos da muller)

# Rapazza

Aportacións para unha (im)posíbel revista feminina galega

**r d l** | 5  
Galicia Hoy 22/07/04

María Yañez

## [ Editorial ]

Caras amigas: os tempos son chegados. As nosas nais consideran que xa valemos para casar pero nós non o temos tan claro. Para elas todo era máis fácil, abondaba con seguir a pauta: casar, preñar (non necesariamente nesta orde), parir, dar o peito e saber arrebolar un sopapo a tempo cando era necesario. Tíñano máis complicado aquelas que se querían saír do guión, pero aí xa ninguén lles mandaba. Tamén é certo que grazas a elas hoxe cambiou bastante o conto. A mellor, si, pero aínda non sabemos moi ben cara a dónde: o guión do século vinteún está por escribir e a sinopse non hai quen a entenda. Xa non é que as nosas novas aspiracións nesta vida se multiplicasen, é que as vellas cada vez se nos poñen máis difíciles. Non nos chega con exercer os nosos dereitos, temos que reivindicarlos e poñernos chulas cada vez que nolo esixen as circunstancias, e ao mesmo tempo seguir estando divinas se queremos que a secuencia casar, preñar, etcétera se repita. Ou simplemente, botar un ferrete. Que en última instancia é o que xustifica todo o anterior. E o posterior.

Vaia por diante, insistimos, que lles estamos moi agradecidas ás precursoras feministas porque sen elas non chegariamos a ser as mulleres absolutamente liberadas que somos hoxe -isto sempre o hai que dicir-, pero a estas alturas da pelúa precisamos máis referentes que a revista Andaina ou a Festa da Palabra Silenciada para guiaros en todos os pasos que debe dar unha muller do noso tempo sen que perigue a nosa identidade como frebas e como nación. As nosas circunstancias son nosas, e o termos nacido neste currunchón do noroeste ibérico non nos pon as cousas más doidas. A muller galega sostén sobre os seus anchos cadrís a responsabilidade de manter a patria sen deixar de manter o tipo e a nosa in-de-pen-den-cia, e velaí os precedentes: Rosalía de Castro non tería escrito a Negra Sombra se non tivese na casa un Manolo presumtamente maltratador. A canción lixeira ga-

lega sería moi distinta se Ana Kiro non tivese unha filla que criar soa cando tentaba saír adiante nas salas de festas da emigración. A outra Rosalía, a Mera, non lle fixo falta seguir casada con Amancio Ortega para chegar a ser a muller máis millonaria do Estado Español. E outras moitas que aprenderon a defenderse a base de levalas, figurada ou literalmente. As nosas circunstancias son nosas, e o noso futuro tamén. Quédanos moito prosmo que aturar así que espabilemos se non queremos rematar bêbedas coma Sue Ellen ou desquiciadas coma a nai de Shin Chan.

Mais alén de todo isto esta revista vai para todas aquelas mulleres que non somos nin cantantes nin poetas nin millonarias con boas intencións. Vai para as mulleres que traballan a cotío, cobrando ben ou mal ou a vontade. Á xeración de mulleres que non conciben a vida doméstica sen o microondas e que nunca se interesaron por aprender a facer o caldo. Ás que gastan a paga en Zara e nas rebaixas de U. Ás Vanesas e Yésicas que lles poñen ás súas filias Manuela ou Leonor (a posmodernity chegou ao Rexistro Civil). Ás que sendo tan feitiñas é unha pena que falen ese galego tan brutote. Ás que se anican para mexar detrás dos coches. Ás lurpias sen corazón. Ás presentadoras sen cerebro. Ás mulleres que fuman, ás que beben e ás que andan con mulleres. Ás que xogan ao futbito. Ás que afeitan as pernas o venres pola tarde. Ás que locen as trobas nos sobacos. Ás que non saben quitarse partido. Ás que non saben chorar sen gana. Ás que nunca escribiron un diario. Ás que mercan as bragas no todo a cen e non saben escoller o peixe no mercado. Ás que non teñen cultura. Ás bulínicas que non devolven. Ás que nunca tiveron tres orgasmos nunha noite. Ás que nunca tiveron tres orgasmos. Ás que de maiores non queren ser gaiteiras nin poetas. Ás que nunca serán embaixadoras da Unicef. Ás que botan pecados pola boca. Ás que non queren que as abolan. Ás que preñan e ás que desempreñan. Ás que non prenden. Ás que todos os meses lle rezan á virxe da regra e que todos os meses se caghan no mullerío de dios.

...e a todos os homes que nos teñen idealizadas. Coitados.

Para o número cero, e dispensando, velaquí algúns toques de autoexploración.

## [ Muller galega: a carne con carné ]

Niso non nos diferenciamos das nosas conexóns do mundo enteiro, digamos occidental. Somos cachos de carne, con algún prión polo medio. E malia o apego que sempre se lle tivo por estes lares ao unto e más ao lardo, a sociedade vai cambiando, ponse fina e piñeira. E aí estamos nós para ensinar cacha e tetas boas e xenerosas. Coñecida e recoñecida é a sensualidade da muller galega, manifestada máis polo que intúe ca polo que se ve. A última grande icona que representou este tipo foi Uxía Blanco: a imaxe de Xonxa na vendima, mordendo no acio de uvas mentres lle ensina libidinosa media perna ao seu galán, e destragando no futuro viño que lle caía pola peteira abaxo, dilatoulle as meniñas dos ollos a todo canto home de clase urbana medio concienciada foi ver a súa primeira película galega chispas, abraiado por que esa apoteose do ruralismo o estivese poñendo máis pincho que Bo Derek. E hoxe en día qué ben se conserva esa muller. Uxía Blanco, queremos dicir.

Isto foi por aí nos anos 80. Mais neses mesmos anos chega outra icona ás nosas pantallas, neste caso as pequenas, vía Entre Amigos: Samantha Fox. As primeiras tetas que viron moitos rudos e incipientes varóns deste país, e as que decoraron non poucos bares, talleres mecánicos e cabinas de camións. Ademais podía pasar por ser de aquí perfectamente: pequena, tetuda e loira non tipo nórdico senón tipo rubia galega. Foi a primeira que non se avergonzou da proporción tetas-estatura e que lles aprendeu ás galegas que non debían andar encorvadas, que sacasen peito que para iso o tiñan. Toda unha lección.

Mais non todo van ser tetas. A muller galega pode presumir de bo cu e boas pernas, rasgos da nosa personalidade bastante aprezzados tamén polo sexo oposto. O que as outras revistas de beleza chaman "esses defectos", en nós son o paradigma da plenitude mulleril. Se deixar a comida no prato é pecado, botala polo váter debería ser pasaporte directo ao inferno. Ximnasio? A muller galega nunca precisou diso, habelo tanto traballo físico útil que facer, sexa doméstico, agrícola, industrial, ou simple gambeo diante das obras, gran fonte de autoestima. Que pernas tes María, dí a canción, que segue: Tan brancas, tan gordinhas, que bonitas son, túas pernas María son de admiración. Hai outra que fala de certa pobreza gambil das rapazas da Coruña, que .non é unha que son todas, levan dous pares de medias para facer as pernas gordas. Xa se ve que, anque de perna fraca, as coruñesas sempre foron mulleres de recursos. E que fronte aos estándares de beleza occidental, nosotras seguimos reivindicando o noso propio canon: a repoludez.

## [ Xeración Berska ]

Quitada a saia da Carolina, que tiña o lagarto pintado, nunca nos deu moito ás mulleres do país polas marcas. Bendito o día en que nos libraramos do pouco favorecedor conxunto de dengue e mantelo e abrimos os ollos á industria téxtil, que nos permitiu cambiar o cultivo do liño por outros más alimenticios e empezar a vestir de xeito barato e uniforme. Como traxe de faena, as nosas nais substituíron a estopa polo tergal en forma de mandilón cruzado, moito más fresco e estilizante, e para ir aos mozos o abano de xéneros, cortes e cores foise abrindo ata chegar os minishorts, as camisetas da selección brasileira e os tops de abeñorios que deseñan en Arteixo e cosen en Taiwan para



nós. A moda das revistas ao noso alcance nunha tenda de nome impronunciábel. A que non viste como unha popstar é porque non quere, ou porque non lle deixa súa nai. Sen dúbida, resentimento da nai por ela non poder lucir minishort igual que a filla. Tanto ten. Sempre nos podemos cambiar de roupa no Cal Pita ou nos baños da disco. Todo sexa por...

## [ Triunfar no amor (ou polo menos no after) ]

Tías, no after malo será. Pero se queremos aforrar en tempo e en cubalibres o mellor será adoptar unha táctica que moitas mulleres coñecen e outras tantas envexan: o miñaxoísmo.

Miñaxoia: dise daquela muller preferibelmente cativa ou lánguida (cando o físico non permite o de cativa) que falá pouco e co volume moi baixo, con voz de estar sempre moi cansa e de feito diravos as más das veces que está moi cansa, case nunca de traballar. O volume escaso, tanto da voz como o corporal, é importante pois obriga a presa -neste caso, varón de ego importante- a achegarse e ulir o seu perfume lánguido, tipo cacharel, canda as súas lánguidas feromonas.

Prohibido gastar tacóns. A miñaxoia non ri máis alá do estrictamente necesario (os chistes da presa) e cando o fai non ensina os dentes e tende a achinar un pouco os ollos. Tam-pouco é de moito falar esta nosa heroína. Basicamente porque non ten nada que decir, pero como cala faise super interesante. Esta é unha das partes más difíciles para a muller galega, de natural lercha. Por esta razón é moi recomendábel non beber, ou de facelo que sexa unha bebida exótica tipo vermú de barril e a grolos moi cativos. Fumar, todo o que se queira, e a caladas moi longas. E non perder nunca de vista que a miñaxoia non existe, é só unha pose para foder.

## [ Haberá un número un? ]

Sirvan estes humildes recortes sobre a nosa

idiomínscrasia a crear un estado de opinión favorável ou non á creación da primeira revista feminina galega. Sen moita propaganda -u-lo target?- pero das baratiñas ao mesmo tempo. Sen horóscopo -meigas fóra- e sen trucos de cociña. Quen queira receitas que vaia ao Picallo. Lerchandaising, o xusto. Análise, nin-gunha. Autoaxuda, a necesaria. Tíos macizos? Algún haberá. Consultorio sentimental? Non dariamos feito. Poesía adolescente? Ver contraportada. Retrato xeracional? A saber. Que pensan eles de todo isto? A quién lle importa.

Non sabemos nin o que nos gusta, pero temos todo o dereito a sermos superficiais.

## [ CONTRAPORTADA ]

### As mellores amigas

Poemas para a versión teen

(1)

Jó, que puta es.  
Ti más.  
Tía, quéroche mogollón.

(2)

Esta era Lleni  
A más puta do insti  
Compráballe a moza do pai maquillaxe e lençería fina no Corte Inglés  
E aínda así non lle caía ben, pero ela aproveitaba  
E ensinaba sempre a tira do suxeitador  
E os vellos regaláballos ás amigas  
Era a más puta do insti  
E as amigas queríanlle mogollón

(3)


Tas bébeda, Suevia  
Non más ca ti, Lorena  
Coido que perdemos a Zeltia  
Berrabades borrachas polo centro comercial

(4)

Poema da nai:  
Se chorás porque non ves o sol  
Ven aquí que has chorar por algo.



As ilustracións deste monográfico de María Yáñez son collages realizados por Thorsten Kohnhorst, autor tamén da portada. A foto de Yáñez da páxina 2 é de Pedro Castro.



29 / XULLO DE 2004 - NÚMERO 525

**rdl**


REVISTA  
DAS  
LETRES



**Pensamentos dun microbio durante tres noites diferentes**  
**Carlos Santiago**

2 | **rDL**

Galicia Hoxe 29/07/04



Hai sempre en Carlos Santiago un dardo que apunta directamente á capacidade da razón e que, ó mesmo tempo, é unha proposta de principios emocionais. Fíxoo xa en ‘Metalurxias’ aquel libro que Edicións Positivas publicou a mediados dos anos noventa para descubrir un poeta desbordante, de palabras que lles botaban un pulso ós lectores mediante os melhores recursos que pode ter un escritor: a ironía, o xogo, a habilidade, a lucidez e, por riba de todo, o compromiso coas outras formas –posibles, por suposto– de ver o mundo. A partir de aí, Carlos Santiago foi despregando as súas habilidades cada vez con maior audacia: fíxoo na Psicofónica, da que é compositor e cantante, e fíxoo nos escenarios por medio das montaxes onde o monólogo ou o diálogo aparecen dominados polo enxeño e crítica más ácida, más certeira, tenra-

## Unha beberaxe para as neuronas

mente cruel, como a mirada dos nenos. Filósofo polos seus estudos, showman pola súa forma de enfrentarse ó público, poeta por vocación, músico por capacidade expresiva, Carlos Santiago compaxina a intensidade da súa voz co activismo, sexa como acirre en Burla Negra ou como promotor de circuítos culturais alternativos, o ambicioso proxecto no que actualmente traballa. Para Revista das Letras, escribiu os seus ‘Off’, contraportadas do suplemento nas que el, a xeito de diario, descifraba as claves más escuras da realidade. Agora, regresa ás nosas páxinas con ‘Pensamentos dun microbio durante tres noite seguidas’, recuperación dun relato escrito no ano 2001 onde quedan patentes as constantes da súa obra, esa beberaxe certeira que estimula as neuronas.

**“A escrita é o de menos, é só un vicio persoal. pero está ben. funciona como máquina telepática, capaz de producir cataclismos de todo tipo a grandes distancias”. “A mecánica é: recibe e devolve”. “Neste momento todo o planeta está complicado nun debate virulento sobre o futuro da especie”. “É un debate que produce mortos en Iraq ou catástrofes biopolíticas en Galiza”. “A clave é que agora temos internet e hai miles de millóns de voces emitindo en tempo real, así que o poder enfróntase a un serio problema”. “E a iso estamos, a dar problemas... espero.”**

“estou dacordo coa ideade que un ateo é alguén incapaz de crer en si mesmo” (Joan Brossa)

# Pensamentos

## dun microbio durante tres noites diferentes

**r d l** | 5  
Galicia Hoxe 29/07/04

Carlos Santiago

a cousa pode comezar en calquera parte, na primeira páxina dun texto, nunha exposición sobre El Lissitzky, ou no lavadoiro de Cormes, ái ao lado, é o que eu chamo o sabor, privilexiando esta sensación sobre a vista ou o tacto, nada que se escoste, ou precisamente escoitando o sabor,

[tal e como algún filósofo alemán remonta o cogito cartesiano a un feito acústico, xa que non existe o pensamento sen o seu zunido, sequera interior, non é posible pensar que “penso” sen me escoitar, somos seres na medida en que vibrámos e un ouvido, propio ou alíeo, rexistra esa vibración, escoitamos por espellos, dicía Lorca, somos como soamos, digo eu...!]

porque decote sinto a miña cabeza como un computador infinito e informe, descontrolado, que rexista todos os dados sensibles sen orde nen concerto, sen algoritmo

[só porque en 1982 eu renunciei a todo principio, convertíñme nun anarquista etimolóxicamente puro e incorporei esa renuncia como unha mutilación, como a perda irrecuperable dunha perna ou dun brazo: si, estirpei a deus do meu corpo.]

e nun momento dado, sen cálculo, sen previsión, o sabor avén desde fóra, desde un punto calquera, e asulaga a miña percepción, entón a vida multipícase en mí, todo é accesible, fago parte do continuo, a lingua toca o teito e prodúcese a unión de ceo e terra, o canto difónico dos músicos místicos e dos mestres místicos, o sabor revela o imposible, o que está prohibido: a existencia do extraordinario, na páxina dun texto, nas foto-montaxes de Lissitzky ou na auga enxaboadas de Cormes, ái ao lado

pero de nada serve consolarse, decátome a miúdo de que todo o que me arrodea traballa no extermínio do sabor, incluso dentro de mí podo sentir como as miñas neuronas están mutando, adaptándose a un mundo insípido, seino con certeza pola gravosa presenza da saudade no meu espírito, a saudade non é outra cousa que o sabor encistado, unha doença terrible, coágulos de sabor nas arterias, nos pulmóns, no figado, é como estar anaoado por dentro, loito contra iso, pelejo sen descanso, o sabor debería fluír, cada mañá, no café, no primeiro cigarro, e xa non flúa, o cigarro xa non sabe, xa non marea como no portalón do colexió, hai case vinte anos, lataba a clase só por ese sabor, por ese esvaecemento, aínda procura culpables, non tenho escrúpulos, son unha papila que se defende dos ladróns de sabor, como aquela chorva do outro día, xa non me lembro do nome, aquela lingua zugadora apostada nos beixos, nos falsos abrazos das seis da mañá, arredaina de mí anoxado, recollin a roupa e vestíñme escaleiras abaxo, rosnando contra os ladróns de sabor, contra

as linguas zugadoras que asexan a tan pouca distancia dos labios, ¿que podo decir? imberda! porque a merda aínda é un sabor

a televisión, os partidos políticos, os xornais, as ong's, o instituto da muller, a industria da moda, a policía, a telefonía móvil, a coca-cola, a consello de seguridade das nacións unidas, o premio planeta, o derby madrileño, as fallas de valencia, o parlamento europeo, as multinacionais xaponesas, o ministerio de facenda, a rapa das bestas, a ponte aérea, a selección de waterpolo, o presidente dos estados unidos, o xacobeo, a mesa pola normalización, o cumio iberoamericano, a internet, o pacto de lizarra, o tribunal superior de xustiza, o cine español, as discográficas independentes, o premio nobel, a casa real, a denominación de orixe, a tabacaleira, o i.v.e, o comité central do partido comunista chinés, o instituto pasteur, o xenoma humano, a condacación da débeda, a trégua de eta, a cidade da cultura, o massachusetts institute of technology, os fondos reservados, o aeroporto Sá Carneiro, a guerrilla chechena, o gatt, a virxe do corpiño, a vía dixital, os cursos de verán do escorial, o eixo atlántico, o efecto 2000, a campaña antidroga, a economía global, as eleccións autonómicas, a conferencia episcopal, a telepizza... ¿todo iso, a que sabe?

sabe a diñeiro, pero o diñeiro non existe. só os pobres temos diñeiro, só os pobres somos quen de o ver, de o apalpar, esa é a nosa maldición, porque vemos algo que non existe, vemos a roupa do rei nu, por iso temos a esperanza de que as cousas aínda teñan sabor. ¿quien somos os pobres? ¿son eu pobre? ¿é ser pobre unha petulancia? somos pobres pese a todo, pese a que de cote nos esperen esas imaxes doutros pobres más pobres, non somos sabios calderonianos, a herba que nós desprezamos non lle aproveita a ningún, atrás de nós nunca ven outro miserable, porque ese miserable tampouco existe, non vive aquí, non ten medios de vir procurar o noso refugallo, mal de moitos, cultura xeral

-pero ti ¿pasas fame?

paso fame, o meu cerebro pasa fame, o meu corazón pasa fame, os meus pulmóns pasan fame, o meu fígado pasa fame, mírrome no espello e só vexo un estómago satisfeito, un tubo que vai da boca ata o cu, ¿debo contentarme con iso, con ser un cano feliz? comer e cagar, vivir en occidente. a merda si, a merda aínda é un sabor.

sucede. sucedeu de novo. aí está. eilá. nunca tentei de comprender por que certas cousas veñen dadas así, polas boas, o mesmo ten si estás dacordo ou te opóns. queixume dos pinos. unha noite en áfrica coñecín unha dactilógrafa que en troques dun prato de frango escribíume o prácer no corpo. cona bendita,

témolo diante do morro e nin por esas. eu incluso diría que ten forma de esfera, que é unha pedra parideira, o que os científicos chaman litoxénese, a pedra é a tona, e cando a tona cae aí está, non hai dúbida. eu sei que te vou amar pero estou cansado. ¿de que? non sei. entre o que se sabe e o que non se sabe está áinda o que nin sequer se sospeita. a iso, a iso, refírome a iso. é unha lei irrepreensible, que palabra, segundo din as testemuñas de xehová hai un paraíso nalgures e para min que exactamente isto é a porta de entrada. défictico. isto, a pinga que cae fóra do texto, algo que está fóra, fóra de min e da miña comunicación contigo. imbécil.

falemos. as tribos entran en guerras terribles por causa dunha fala demasiado... punxente. ¿realmente esperas que eu faga unha crónica dos feitos? meu amigo, os feitos non che interesan. se che interesan estarías asaltando o palacio de inverno ou prendéndolle lume a unha igrexa, pero non é o caso. dando a xente permite que os reis sobrevivan, os reis sempre han voltar para os foder de novo. eu admiro aos franceses, admiro a Robespierre e a Saint Just, ese incendiario imberbe e atroz, eles si coñecían a lóxica dos feitos. en Francia teñen unha república porque no seu momento rodaron todas as cabezas precisas. nós somos más parvos e temos... bah, que máis da que temos, na Francia tamén comen merda. ¿sanz-culottes? todos somos clase media. chic.

disculpádeme este desvarío, este odio innecesario. teñen razón todos esos que saen na tele.

[ou no televexo, que dirían os antigos hiperenxebristas. aquí na galiza temos esa sorte de falar cinco idiomas diferentes, non sei por que a xente anda á lea por causa diso, é un prodixio sobrenatural. eu



defendo todas as normas e todas as súas perversións

[non hai ovo sen galiña nin galiña sen ovo]

e avogo pola natureza proteica da lingua. eu defendo o hiperenxebrismo porque é un froito serodio do nme dadaísta ¿hai cousa más linda que chamarlle escoitófono a un teléfono?]

¿que dicían pois os que saen no televexo? pois dicían que non se debe odiar aos demás.

por exemplo, un personaxe, xa que estamos. un crego medio cego a causa da sífilis, o mal francés, que, por acaso, tamén así se lle chama. é un home culto. leu a Teilhard de Chardin, pero non o admitiron nos xesuítas por causa do mal cativo, outro dos nomes da súa desgraza. un xesuíta pode ser unha boa persoa. Ellacuría era xesuíta. matárono os paramilitares do Salvador por falar de más. así operan sempre os salvadores.

[incluído Cristo, que de tódolos xeitos, tivo a decencia de matarse a si mesmo e non a terceirás persoas, áinda que na perspectiva do misterio tamén isto sexa discutible]

pero cando ves as fotos do cadáver decátaste axiña de que non tiña vida sexual. é o que pensa o noso crego, o sexo hai que probalo, xa arranxaremos contas con deus, e se despois de todo hai que pagar un pre-

zo pois trárame alá esas pallas.

[traducción literal do castelán: se coñeces algún refrán equivalente en galego risca mentalmente o texto e pon o teu]

só que o prezo foi o mal ruín, acaído nome desa praga que non trae outra cousa que a ruina á vida dos discíolos e os ex-traviados. os xesuítas víronlle o vicio no corpo e fecháronlle as portas todas de contado. "probe no opus" díolle o capitán xeneral. pero el preferiu a tranquilidade dunha parroquia rural, porque despois de todo era un home culto e non podía afrontar a ignominia de ingresar nunha entidade bancaria. palabra de dios, te alabamos, señor. son esas contradicións as que constrúen un personaxe. o crego vive na sacristía e ten o salón da casa moi ben apañado, cun aparador que lle regalou o cacique da villa,

[é un relato costumbrista, doutra época. todo o mundo sabe que na Galiza xa non existen caciques. pero non importa, eu tampouco son Otero Pedrayo]

de estilo Luis XVI, claro, pola relación sintagmática co séptimo párrafo. ten unha criada que lle rouba o leite, as galletas e o chourizo da beneficencia, unha velloqueira con cataratas e cunha verruga pilosa na faciana. tamén é salienteable a magnífica cubertería de prata, regalo duns parentes afastados da Arxentina, e que de aquí a pouco se converterá no auténtico macguffin da historia. entón, no medio da noite chega un miserable, un desfarrapado daqueles que, en tempos, andaban polos camiños xacobinos de europa, mendigando un algo que levar á boca. e o pároco, acatando a humanísima lección de Teilhard de Chardin,

acólleo na súa casa compartindo a cea quente dessa noite: fabas pintas con chucrut e viño tinto de Alsacia-Lorena. pero... pe-ro, pe-ro... oh indefensa caridade, oh cándida inocencia. todo un centurión sentíuse indigno de entrar na casa do señor, e nembarcantes, este miserable paga a bonhomía do anfitrión co más reprobable de todos os actos: o atentado contra a propiedade privada. a prata arxentina

[súbito pleonasmo]

desaparece, non sen antes o puño do ladrón ter abatido ao crego cun contundente uppercut. un acto inxustificado, tendo en conta a cegueira sifilitica do sacerdote e a súa consecuente incapacidade para reconñecer ao agresor. ¿pode semellante críme, cometido con nocturnidade e aleivosía, ficar impune? é neste momento cando un auténtico escritor debe botar man da licenza poética e imaxinar que as forzas de seguridade do estado vixilan e proteخen aos cidadáns destes e outros atentados contra os seus dereitos fundamentais. así, pola fresca, unha parella da garda civil detén ao desaforado nun camiño vecinal e tras confesión obtida mediante métodos de tortura escrupulosamente constitucionais conduce ao reo á presenza do crego. pero este, conforme á súa ética humanista, mente para salvar a aquél, e convence á parella da benemérita de que ao cabo, todo se trata dun malentendido. a soas co miserables, ofrécelle a prata a cambio dun compromiso, que a valiosa cubertería lle sirva para emendar a súa vida e a pór ao servizo dos demás. deste xeito o miserable, fiel á súa palabra, acabará ingresando no partido socialista

[cando pecamos sempre o facemos dúas veces].

débese disculpar, neste pequeno esbozo, as carencias formais no retrato da miserável. mentres no crego a etopeia remedia a mediocre prosopografía, no caso do miserable, a mesma apariencia sucia e desastrada dificulta a más simple das hipóteses. é na criada que o éxito descriptivo foi absoluto. a miña intención primeira era parafrasear de xeito deshonesto o célebre episodio inicial de 'Les Misérables' de Víctor Hugo, enmascarando o plaxio cunha paráfrase cruzada de 'Hansel e Gretel'. Non obstante, unha serie de feitos extraliterarios impedíronme cumplir o meu propósito. por unha banda non sei francés, o que me desacredita sexualmente como escritor e repugna ao meu xa declarado natural republicano. e por outro lado, xusto neste párrafo, aconteceu a primeira interrupción na escrita, por mor dunha chamada ao teléfono móbil que me obrigou a asistir a unha estrea teatral na Nave de Servizos Artísticos -Nasa-. esta interrupción no meu élán, propiciou un alonxamento temporal do texto de polo menos tres meses e medio, e por tanto, no momento de retomar a escrita non podo atopar en mí o antigo pulo que axitaba entón a miña stream of consciousness. en terceiro lugar, nada máis.

[o "terceiro" é un pouco como a casa baleira que Alicia sempre ve no andel da tenda da Ovela cando tenta contar o número de casas.(1)]

[a propósito ¿sería recomendable executar a algunos filósofos?]

e por último, a peza teatral que fun ver na Nasa fixo-

así, quen me dera ser ruso, escéptico, perverso.

moita xente non entende nada do que ve, ouve ou le. algúns malpensados dín que iso é debido a unha atrofia progresiva dos sentidos na clase media. no fondo trátase dunha cuestión de orgullo, a xente quere ser imprescindible e non tolera que certos cretinos fagan obras de arte pasando por riba do seu cadáver social. é lóxico que a xente pense así. hoxe en día todos somos prescindibles e esperamos que a arte nos console desa condición inútil. miles de millóns de dólares destíñanse a producir en nós ese confort espiritual. de aí que as obras de arte que offendan a nosa intelixencia, por exceso ou por defecto, nos parezan intolerables, cando non unha pura estafa. tamén eu devecíñ durante anos por pertencer á élite dos cretinos e os estafadores sen conseguiu. paradoxicamente é agora que pretendendo ser popular e comercial cando me estou a converter nun cretino absoluto. non me arrepinto, os meus camiños tamén son inextricables. a soa idea de que alguém pense en mí como un estafador éncherme de ledicia, pero únicamente son imaxinacións. ningún pensa en mí. só eu o fago.

a madrugada avanza sen remedio. o barrio está tranquilo, como todos os domingos. apenas pasan coches e non hai festas nos pisos. os universitarios dormen, están durmindo e tamén están durmidos. nesta parte de Conxo non viven moitas familias. case todas as vivendas pertencen a antigos emigrantes en Holanda ou Suíza que agora viven dos alugueros abusivos e a raspiñada inmobiliaria. os estudantes tampouco se queixan demasiado. no ano 79 esnaquizaban os escaparates das inmobiliarias polo día e montaban barricadas polas noites. foi un tempo mítico. dende a casa da miña nai víxase ben todo o follón. o que más molaba eran os coches ardendo e as cargas da policía mentres nas



me recobrar unha convicción perdida: odio o teatro. Pese a todo isto, asumo o fracaso dese párrafo anterior, desa chalana novelística que non chegou a peirao ningún.

[unha confesión ad hoc: nunca lin 'Les Misérables', pero vin a película]

deixemos de falar. a proximidade no diccionario das palabras solercla e sofriñar faíme lembrar o penoso da miña situación. eu estou farto dunha serie de cousas ealgún xeito tento expresalas, pero teño unha mala angueira. son preguiñoso. un dos problemas da preguiza é que nos leva a falar de nós constantemente, dalgún xeito a preguiza reduce o noso mundo ao estreito límite do ego. iso sitúame nunha contradición, porque eu penso que o eu é como unha mancha, como unha indecisión. Walter Benjamin gababase de ter un dos mellores estilos literarios da súa época porque se tiña prohibido mencionarse a si mesmo nos seus escritos. Porén, eu non podo deixar de falar de mí pese a acreitar ás cegas nese proverbio budista que di "o eu é unha ficción". tal vez a única ficción que está ao meu alcance. outros xa escribiron sobre isto. Vladimir Nabokov, poñamos por caso, escribiu: "son felix de me ollar a mí mesmo, pois ningún home é absorbente, ísi, realmente absorbente! o mundo, por real que sexa, non me pode insultar. son invulnerables." dame vontade de fumar. acendo unha cabixa, porque xa é tarde e acabouse o tabaco, e non vou saír a comprar máis. a máquina máis próxima está a quiñentos metros. entón digo, que beleza hai nesas frases, quen me dera escribir algo

ventás choqueleaban potas, tarteiras e tixolas. miña nai sempre nos arredaba da xanela por medo ás pelotas de goma que disparaba a pasma contra os cacerolistas. corría o rumor entre as nais da zona nova de que algún neno xa perdera un ollo por ollar demasiado. eu aínda era un rapaz, pero xa me tardaba o día en que iría á universidade e podería atirarlle un pedrolo ao escaparate dunha inmobiliaria durante unha daquelas revoltas. nunca cumplí o meu soño. cando fun á universidade a moda da violencia social comezaba o seu ocaso para deixar paso a un hooliganismo carente de contidos. aínda así, cando vexo algún contenedor queimado despois dunha noite de desmandes etílicos na cidade, sinto unha vaga nostalxia daquel tempo non vivido. suspiro. é a saudade, ese ciste sebáceo. xa nada ten sabor. ique época insípida ésta!

acabei as cabixas. son as seis da mañá e non teño ganas de ir para a cama, ler un fragmento da 'Ilíada' e fechar os ollos

[un pequeno pracer]

eu sempre fun uliseano ata que comecei a ler a 'Ilíada'. entón paseíme ao aquilismo. os heroes son fundamentais no imaxinario dunha persoa. representan a nosa capacidade para armar o merlo na boca do lobo. ser un heroe sempre dá algo de medo porque a súa mortandade resulta moi elevada, de aí que precisemos referencias. por orde cronolóxica... os meus heroes e heroínas

Alfonso, delineante, meu padriño

Meteoro, piloto de carreiras co número nove  
 Gárate, futbolista, tamén con dorsal número nove  
 Fofó, pallaso vermello  
 Asterix, intelectual nacionalista francés  
 Alexandre Magno, imperialista macedonio  
 Seoane, repetidor de oitavo curso  
 G.A. Bécquer, tuberculoso, un enfermo  
 el Jaro, delincuente madrileño que segundo Burning "estaba en la calle"  
 Speedy González, rato acelerado  
 Vicky, moza que odiaba as matemáticas  
 Ritchie Blackmore, prestidigitador  
 Han Solo, contrabandista  
 La Pasionaria, avoa marxista  
 Raskolnikov, asasino  
 X.M. Beiras, o home que citou a Artaud no parlamento galego  
 Carmen Sarmiento, optimista enfadada  
 Stephen Dédalus, irlandés ateo  
 Indiana Jones, arqueólogo  
 L.Wittgenstein, adestrador de paxaros  
 Messie Junot, ciclista  
 Otelo Saraiva de Carvalho, dadaísta e floricultor portugués  
 Jesús Quintero, 'loca de la colina'  
 Santiago Auserón, macarra, pero ilustrado  
 Nick Cave, cavernícola  
 Kafka, axente de seguros  
 Peter Sloterdijk, cínico alemán  
 Antonin Artaud, o home que foi citado por Beiras no parlamento galego  
 Kurt Schwitters, bromista sen licenza  
 James Stewart, anxo (os anxos existen e, que lle imos facer, son americanos)


## [Epílogo]

retomo a escrita seis meses despois. a lista de heroes e heroínas ficou incompleta. hoxe en día xa non acredito no sistema, nas xerarquías mitolóxicas. deixei a 'Ilíada' pola metade, abandonada sobre a mesa do braseiro. o abandono é o único xeito sensato de ler os clásicos no turbocapitalismo avanzado. no cómputo total desta lista parcial aparecen vinte e sete heroes e tres heroínas, así que a miña personalidade non atinxé a cota oficial de representación feminina nas institucións. xa que lo-

go, a miña personalidade non é unha institución exemplar. aparecen tamén oito personaxes de ficción e vinte e dúas persoas reais, das cales doce están vivas e dez están mortas. hai, entre as persoas reais, e en orde decrecente, tres músicos, dous filósofos, dous poetas, dous xornalistas, dous escritores, dous políticos, un actor, un delincuente, un militar, un avogado, un transportista, un rei, un delineante, un futbolista e un pallaso. ningún homosexual declarado. entre os seres imaxinarios hai un piloto, un guerreiro, un rato, un contrabandista, un asasino, un profesor de clases particulares, un arqueólogo e un ciclista e só Asterix é sospetoso de ser homosexual. Tendo en conta a nacionalidade, oito españoles, catro galegos, tres franceses, tres norteamericanos, dous alemáns, un grego, un chicano, un inglés, un ruso, un irlandés, un austriaco, un portugués, un australiano, un checo, e un extraterrestre. Todos os meus heroes e heroínas son brancos cunha forte preponderancia aria. Ningún negro ou asiático. A maioría son católicos, pero tamén hai tres ou catro ateos confessos, un agnóstico, un xudeu, un pagán, un celta, un anglícano, un protestante, e un ortodoxo.

examinando estas primeiras informacións que se seguían da enquisa heroica pódese afirmar a bote pronto e segundo un modelo interpretativo poslaciano, que a miña é a personalidade dun machista pedante homófobo apostólico bardallas medio necrófilo consumista maníaco depresivo xenófobo mentiroso e patriota nacionalsocialista politicamente correcto. é certo: eu son incapaz de crer en mí mesmo. só acredito no extraordinario, naquilo que me nega e me anula, que vela a miña fotografía. o extraordinario é un flash, un instante de saturación e cegueira. e dese intre apenas resta un sabor, un sabor que non é procurable, reproducible, un sabor que se revela en nós cando xa non estamos, cando a nosa conciencia -ese militarismo da identidade- xa foi absorbida nas papilas da realidade. entón a cousa remata, en calquera punto. aquí. nunha catástrofe.

(1) para unha interpretación maliciosa deste episodio ver a sexta serie "da serialización" e a oitava "da estrutura" en Lóxica do Sentido de Gilles Deleuze



A fotografía de Carlos Santiago da páxina 2 é de Nacho Santás